

**NUM-CONSULTA:** V0001-08

**ÓRGANO:** DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

**DATA DE SAÍDA:** 03/03/2009

**NORMATIVA:**

- Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

**DESCRIPCIÓN-FEITOS:**

O consultante plantexa ante esta Dirección Xeral de Tributos o seguinte respecto á Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns:

- Redución pola adquisición dunha vivenda habitual, e tamén pola autopromoción.
- Exclusión da tributación de todas as herdanzas inferiores a 125.000 €.
- Suposto: Doazón de cartos a un fillo para a construción de vivenda, e doazón (adianto de herdanza) dun terreo para que poida construíla (valor inferior a 125.000 €) ¿Podería acollarse o herdeiro á redución do art. 16 e tamén a exclusión para herdanzas inferiores a 125.000 €, aínda que a suma de ambas supere os 125.000 €?

**CUESTIÓNS FORMULADAS**

Cuestión 1. Artigo 16 da Lei 9/2008. Redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda dunha habitual en Galicia, fálase sempre de “adquisición de vivenda”, e pregunta se estaría tamén comprendida a autopromoción (construción) da vivenda habitual polo donatario, e de ser así, qué feito serviría para computar o prazo de seis meses dende o momento da doazón (apartado e do art. 16).

Cuestión 2. En relación “a exclusión de tributación de todas aquelas herdanzas inferiores a 125.000 euros”, ¿Quere isto dicir que unha herdanza que sobrepase esta cantidade só tributa pola cantidade que a sobrepase, ou que tributará a totalidade da herdanza por sobrepasar tal cantidade?

¿Esta exclusión de tributación é válida tanto para as herdanzas por causa de morte, como para as que se producen en vida do causante (adianto de herdanza)?

Cuestión 3. No seguinte suposto: doazón de cartos a un fillo para a construción de vivenda, é doazón (adianto de herdanza) dun terreo para que poida construíla (valor inferior a 125.000) ¿Podería acollerse o herdeiro á redución do art. 16 e tamén a exclusión para herdanzas inferiores a 125.000 euros, aínda que a suma de ambas supere os 125.000 euros?

### **CONTESTACIÓN COMPLETA**

En relación coa cuestión 1, este Centro Directivo informa o seguinte:

Norma:

O artigo 16 da lei 9/2008, de 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns recolle:

“Redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia.

Nas doazóns a fillos e descendentes de diñeiro destinado á adquisición da súa vivenda habitual aplicarase unha redución do 95% da base imponible do imposto, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- a) A persoa donataria deberá ser menor de 35 anos ou muller vítima de violencia de xénero. No primeiro caso débese tratar da adquisición da súa primeira vivenda habitual. No segundo, non debe ser titular doutra vivenda.
- b) O importe da doazón non poderá superar os 60.000 €. Este límite é único e aplícase tanto no caso dunha doazón como no caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor da mesma persoa donataria, proveñan dun ou de distintos ascendentes. No caso de que o importe da doazón ou doazóns a que se refire este

artigo supere esta cantidade, non haberá dereito a ningunha redución.

- c) A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF do donatario, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estea concluído na data do devengo da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 €.
- d) A doazón débese formalizar en escritura pública na que se exprese a vontade de que o diñeiro doado se destine á adquisición da vivenda habitual da persoa donataria. No caso dos menores de 35 anos deberá constar tamén que se trata da súa primeira vivenda habitual. Esta declaración de vontade deberá ser simultánea á doazón.
- e) A persoa donataria deberá adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. No caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisicións con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempre que se acredite que o importe do diñeiro doado se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito, co prazo, límites e requisitos establecidos nas alíneas anteriores, agás no xeito de computar o prazo de seis meses, que se fará para cada doazón.
- f) Considerarase vivenda habitual a que se axuste á definición e aos requisitos establecidos pola normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Resposta:

- Para ter dereito a redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia, é necesario cumprir todos e cada un dos requisitos

mencionados no referido artigo 16 da Lei 9/2008.

- No referido apartado f), sinálase que se considera vivenda habitual a que se axuste á definición e aos requisitos establecidos pola normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Segundo o artigo 54 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, construción asimíllase á adquisición cando o contribuínte satisfaga directamente os gastos derivados da execución de obras, ou entregue cantidades a conta ó promotor daquelas, sempre que finalicen nun prazo non superior a catro anos dende o inicio da inversión.

-No apartado e), sinálase que a persoa donataria deberá adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón.

O prazo de seis meses contarase dende a doazón ata a data de adquisición de vivenda, que no caso de construción, será a data da escritura de declaración de obra nova terminada.

En relación coa cuestión 2, este Centro Directivo informa o seguinte:

Norma:

- O artigo 24.1 da Lei 9/2008, de 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, sinala que “Nas adquisicións mortis causa por suxeitos pasivos incluídos no grupo II do artigo 1, aplicarase unha dedución do 100% da cota tributaria sempre que a súa base imponible sexa igual ou inferior a 125.000 €”.
- O artigo 11.b) do RD 1629/1991, de 8 de novembro, polo que se aproba o regulamento do imposto de sucesións e doazóns, sinala que entre outros, son títulos sucesorios, aos efectos deste imposto, ademais da herdanza e o legado, os

seguintes: b) os contratos e pactos sucesorios.

- O artigo 209 da lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia sinala que sen prexuízo dos que foran admisibles conforme a dereito, de acordo coa presente Lei son pactos sucesorios os de mellora e os de apartación.

Resposta:

- No referido artigo non se recolle exclusión de tributación, senón tal como o mesmo indica, unha dedución na cota.
- A dedución será do 100% cando se cumpran os requisitos que o mesmo sinala, isto é, que o parentesco sexa por grupo II (descendentes e adoptados de 21 anos ou mais) e que a base imponible sexa igual ou inferior a 125.000 €, do que resulta que se a base imponible é superior a 125.000 € non hai lugar a dedución algunha.
- A dedución é aplicable as adquisición mortis causa, na que se inclúen os pactos sucesorios, conforme a norma referida.

En relación coa cuestión 3, este Centro Directivo informa o seguinte:

Norma:

- Artigo 16 da Lei 9/2008
- Artigo 24 da Lei 9/2008. Punto primeiro xa referido e tamén punto 2, no que se indica que para o cómputo do límite de 125.000 € teranse en conta as bases impositivas dos pactos sucesorios realizados. Tamén se computarán as bases impositivas das doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables que sexan acumulables de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 29/1987, do imposto de sucesións e doazóns.

Resposta:

- A doazón de diñeiro, é unha operación inter vivos que da lugar a unha liquidación polo imposto de doazóns, a que se lle aplicará a redución do artigo 16 da Lei 9/2008 se se cumpren os requisitos esixidos no mesmo.
- A doazón de terreo, se se materializa como adianto de herdanza (apartación), é un pacto sucesorio, que da lugar a unha liquidación polo imposto de sucesións, a que se lle aplicará a dedución en cota do artigo 24 da Lei 9/2008, se se cumpren os requisitos esixidos no mesmo, un dos cales é a acumulación nos casos do artigo 30 da Lei 29/1987.

No caso que sinala, para que poida aplicar a dedución recollida no artigo 24 da Lei 9/2008, a acumulación de doazón do diñeiro e apartación polo terreo non pode dar lugar a unha base imponible superior a 125.000 €.